

## Sala de exposiciones

- A violencia sexual na mocidade. Infórmate.  
**Do 4 ao 15 de setembro de 2017**
- Mostra de traballos realizados polas alumnas do obradoiro de pintura da Casa das Mulleres.  
**Do 22 de setembro ao 13 de outubro de 2017**
- Exposición de pintura "Cholitas, unha viaxe a Bolivia" de Paula Costas.  
**Do 16 ao 20 de outubro de 2017**
- Exposición "MullerArte" de traballos realizados por mulleres en situación de vulnerabilidade social. Organiza o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo.  
**Do 23 de outubro ao 9 de novembro de 2017**
- Exposición de traballos realizados polo alumnado vigués para o "EnlazaVigo contra a violencia de xénero 2016".  
**Do 13 ao 30 de novembro de 2017**
- Exposición anual de pintura do Colectivo Xuntanza.  
**Do 1 ao 22 de decembro de 2017**

De luns a venres de 17:30h a 21:30h

**CONCELLO  
DE VIGO**



# Programa de actividades

**Centro de Documentación  
e Recursos Feministas**

**Casa das Mulleres**

## Centro de Documentación e Recursos Feministas

Biblioteca Juan Compañel - R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo - T. 986 436 441  
[centro.documentacion.feminista@vigo.org](mailto:centro.documentacion.feminista@vigo.org)

Todas as actividades do Centro de Documentación e Recursos Feministas teñen a entrada libre ata comprobar o aforo

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS, dependente da Concellería de Igualdade, é un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

**Servizos:** consulta en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental, actividades de extensión cultural...

**Horario:** luns e venres de 10:30 a 13:30 / martes, mércores e xoves de 16:30h a 20:30h.  
Xullo: luns a venres de 10:30 a 13:30 horas / Agosto: pechado

## Casa das Mulleres

R/ Romil, 20 - 36202 Vigo - T. 986 442 194 - Fax 986 442 195 - [casadasmulleres@vigo.org](mailto:casadasmulleres@vigo.org)

Nas actividades que se requira inscrición previa, darase prioridade ás mulleres empadroadas en Vigo e ésta realizarase na Concellería de Igualdade: 1ª planta do Concello de Vigo, de luns a venres de 9:00h a 13:30h ou a través do teléfono 986 810 284

A CASA DAS MULLERES é un servizo adscrito á Concellería de Igualdade, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan.

**Horario:** luns a venres de 17:30h a 21:30h



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

Concellería de Igualdade - Praza do Rei 1, 1ª planta  
T: 986 810 284 - F: 986 430 082 [ofi.muller@vigo.org](mailto:ofi.muller@vigo.org)



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

Plan Integral de Igualdade de Oportunidades  
de Mulleres e Homes do Concello de Vigo

Setembro / Decembro 2017

## Presentación de libros

Martes, 12 setembro ás 19:00 h

"Na casa da avoa". Marta Dacosta (Galaxia, 2017).

Martes, 3 outubro ás 19:00 h

"22 segundos". Eva Mejuto (Xerais, 2017).

Mércores, 15 novembro ás 19:00 h

"Luns". Eli Ríos (Xerais, 2017).

## Faladoiros

Xoves, 28 setembro ás 18:30 h

"Empoderamiento femenino en contextos de gobernanza: las experiencias de las trabajadoras de la Pesca en Galicia y Euskadi". Con... Patricia Martínez García

Xoves, 19 outubro ás 19:00 h

"Xénero na Literatura infantil". Con... Ledia Costas e Grupo de traballo da Universidade de Vigo

Xoves, 9 novembro ás 19:30 h

"Muller emigrante, lingua e sociedade". Con... Laura Rodríguez Salgado e Iría Vázquez Silva

Xoves, 14 decembro ás 19:00 h

"A muller na tradución". Con... Antía Veres Gesto e Celia Recarey

## Cafés literarios do Club de lectura

Data	Relatora	Libro/autoría
Mércores, 27 setembro. De 18:00h a 20:00h	Cristina García Parga	"Persepolis" de Marjane Satrapi
Mércores, 25 outubro. De 18:00h a 20:00h	María Luisa Abad Abad	"Del color de la leche" de Leyshon Nell
Mércores, 29 novembro. De 18:00h a 20:00h	Carolina Fiaño Valvede	"Manual para mujeres de la limpieza" de Lucia Berlín
Mércores, 13 de decembro. De 18:00h a 20:00h	Isabel Mociño González	"Circe ou o prazer do azul" de Begoña Caamaño

## Obradoiros

Inscrição previa desde o día **8 de setembro** e ata cubrir prazas na Concellería de Igualdade, 1.ª planta da Casa do Concello de 9:00 a 13:30 h, ou ben a través do T. 986 810 284, en horario de de 8:15 a 14:00h.

Lugar de realización dos obradoiros: Casa das Mulleres, rúa Romil 20.

Dirixidos a mulleres maiores de 18 anos.

### "MULLERES DE IDA E VOLTA. OBRADOIRO DE HISTORIA DE VIDA PARA MULLERES MIGRANTES GALEGAS"

Dirixido a mulleres maiores de 18 anos migrantes galegas.

Obxectivos: a reconstrucción da historia da migración feminina galega baseada na memoria. Favorecer a creación de redes vinculares entre as mulleres migrantes. Facilitar a integración na sociedade e preservar as súas identidades.

Formadora: Aymee Rivera / Período e horarios: martes de 18:00 a 19:30 h desde o 3 de outubro ata o 19 de decembro. 18 horas. 12 sesiósns. Contidos: actividades para o afianzamento de habilidades comunicativas utilizando o método da historia de vida. Actividades para o desenvolvemento da capacidade discursiva; a defensa de trazos identitarios e de xénero. Redacción e/ou composición de súas historias de vida. Uso adecuado de destrezas comunicativas.

### "CURSO DE AUTOPROTECCIÓN PARA MULLERES"

Dirixido a mulleres maiores de 18 anos.

Obxectivos: proporcionarles ás asistentes uns coñecementos e habilidades básicas de autoprotección que lles permita mellorar a súa seguridade persoal e ter un plan de seguridade con medidas que lles axuden a previr a agresión, ou, senón fose posible, saírla con máis garantías.

Formadora: psicóloga do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e Policia Local. / Período e horarios: 10 de outubro de 16:30 a 19:30 h. As seguintes datas 16, 17, 18, 19, 23, 24, 25 e 26 de outubro de 16:30 a 18:30 h. 18 horas. 9 sesiósns. Contidos: identificación de situacións de risco; aprendizaxe e práctica de habilidades, técnicas e recursos para a súa protección e defensa...

### "OBRADOIRO DE ESCRITURA. ESCRIBIR A NOSA HISTORIA" (Iniciación)

Dirixido a mulleres maiores de 18 anos.

Obxectivos: propiciar a visibilidade do colectivo de mulleres. Favorecer o empoderamento da nosa expresión e o recoñecemento das mulleres como protagonistas. Fortalecer a súa identidade.

Formadora: Graciela Baquero Ruibal. Período e horarios: xoves de 18:00 a 20:30 h desde o 28 de setembro ata o 21 de decembro. 30 horas. 12 sesiósns. Contidos: a actitude creativa. Técnicas de desbloqueo: xogos para desaprender, como percibimos; a información dos sentidos. O ritmo da escritura: a respiración dun texto. Argumento, trama e estrutura dunha historia. Quen escribe? Tipo de narradoras e narradores. Os poboadores e poboadoras do pasado: creación de personaxes. A paisaxe dos nosos recordos: técnicas descriptivas. O subconsciente e os soños.

### "PINTURA E XÉNERO 2ª PARTE CONTEMPORANEIDADE"

Dirixido a mulleres que tivesen realizado o curso de Pintura e xénero (1ª parte) no primeiro semestre de 2017.

Obxectivos: darlle continuidade ao curso teórico/práctico sobre as mulleres artistas (pintoras pioneiras e vanguardistas, artistas da arte pop, temas e exercicios propostos no cuadrimestre anterior) para afondar nas experiencias das últimas décadas.

Formadora: Berta Álvarez Cáccamo / Período e horarios: mércores de 17:30 a 20:30 h desde o 4 de outubro ata o 20 de decembro. 30 horas. 10 sesiósns. Contidos: exercicios de breve desenvolvemento. Revisión da historia contemporánea. A reivindicación do propio: prácticas feministas. Pintura e xénero. Artistas galegas. As novas pintoras, as investigacións na abstracción e na figuración. Corpo e fotografía, instalación, arquitectura e performativ.

### "SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN XÉNERO E IGUALDAD DE OPORTUNIDADES"

Dirixido a homes e mulleres maiores de 18 anos.

Obxectivos: diferenciar o sistema sexo-xénero, contribuír a desnaturalizar os roles e os estereotipos de xénero. Coñecer as implicacións e consecuencias tanto no nivel persoal como económico e social, do proceso de socialización diferencial. Desnegativizar o concepto de conflito e dotar de ferramentas ao alumnado participante para unha resolución assertiva. Reconocer os tipos de violencia ás que estamos expostas as mulleres polo feito de selo, sensibilizar e visibilizar outras violencias que resultan más sutís (micromachismos).

Formadora: Cristina Rodríguez Ramos / Período e horarios: luns de 19:00 a 21:00 h desde o 9 de outubro ata o 11 de decembro. 20 horas. 10 sesiósns. Contidos: o proceso de socialización diferencial: o sistema sexo-xénero, axentes que interveñen no proceso, a linguaaxe como elemento transversal. As consecuencias da socialización diferenciada: consecuencias no ámbito persoal e consecuencias no ámbito socio-económico. O conflito. Estilos actitudinais ante o conflito e técnicas para unha resolución satisfactoria: concepto de conflito, estilo agresivo, pasivo e assertivo. As violencias machistas: tipos de violencia, orixes e causas, o círculo da violencia...